

BASES DE CONVOCATORIAS

1. O FESTIVAL

INTERSECCIÓN – Festival de Arte Audiovisual Contemporánea centra a súa programación en obras que se sitúan entre a arte contemporánea e o cine de vangarda, incluíndo unha grande variedade de formatos, técnicas e linguaxes.

A 5ª edición do Festival terá lugar na cidade da Coruña (España) e celebrárase entre o 14 e o 23 de outubro de 2022.

2. SECCIÓN E PREMIOS

INTERNACIONAL

Adicada a unha selección de obras de ámbito internacional.

Formatos aceptados: Documental experimental, documental creativo, ficción experimental, vídeoarte, animación experimental, instalación, interactivo e performance.

- Premio do Xurado

GALICIA

Sección para obras de autoras galegas ou residentes en Galicia.

Formatos aceptados: Documental experimental, documental creativo, ficción experimental, vídeoarte, animación experimental, instalación, interactivo e performance.

- Premio A Colectiva
- Premio Contemporánea

ESCOLAS

Sección dirixida a estudantes de ensinanza artística e/ou audiovisuais.

Formatos aceptados: Documental experimental, documental creativo, ficción experimental, vídeoarte, animación experimental, instalación, interactivo e performance.

- Premio Escolas

XUVENIL

Sección composta de obras pensadas para o público novo de centros educativos de secundaria.

Formatos aceptados: Documental experimental, documental creativo, ficción experimental, videoarte e animación experimental.

PREMIOS TRANSVERSAIS

- Premio Xurado Novo (Internacional e Galicia)
- Premio NUMAX (Internacional e Galicia)
- Premio MAV (outorgado á obra dunha autora muller, participante nas seccións Internacional e Galicia)
- Premio do Público (Internacional, Galicia e Escolas).

Os xurados poderán outorgar mencións especiais e/ou declarar *ex aequo* algún premio, en cuxo caso, o importe do mesmo dividirse entre as gañadoras.

O Festival comunicará os premios concedidos ás persoas cuxos contactos fosen indicados no proceso de inscrición das obras correspondentes. Os premios abonaranse contra factura emitida pola persoa ou empresa que teña realizado a inscrición ou por outra en quen delegue.

Non se abonarán premios facturados con posterioridade ao 1 de novembro.

As gañadoras comprométese a incluír os identificadores gráficos remitidos polo Festival tanto no cartaz como na obra, e a facelo constar na información na web e onde corresponda.

3. XURADOS

Os xurados de INTERSECCIÓN 2022 estarán compostos por profesionais de traxectoria internacional contrastada no sector da arte audiovisual designadas pola organización do Festival, que valorarán as obras presentadas, outorgando por decisión inapelable os premios correspondentes ás seccións competitivas indicadas.

4. COMO PARTICIPAR

4.1. ENVÍO DE OBRAS

Poden inscribirse en INTERSECCIÓN traballos realizados en 2021 ou 2022, independentemente da súa duración, ben sexan documental experimental, documental creativo, ficción experimental, videoarte, animación creativa, instalación en vídeo ou performance audiovisual. Quedan expre-

samente excluídos os traballos de índole televisiva, comercial ou publicitaria. En calquera caso, o Festival reserva o dereito de incluír na súa selección obras producidas con data anterior. Non serán valoradas obras enviadas a INTERSECCIÓN en edicións anteriores.

Se ben non é imprescindible que as obras inscritas sexan estreos, valorarase que sexan inéditas en España.

No momento da inscrición, deberá facerse constar se a obra debe ser mostrada en proxección monocanal, instalada o se é válida calquera das dúas opcións.

A organización reserva o dereito de asignar as obras seleccionadas á categoría que considere. Unha vez as obras queden inscritas para participar no Festival, non poderán ser eliminadas da consideración e posible selección.

Cada persoa ou empresa poderá presentar tantas obras como desexe, independentemente da nacionalidade e o idioma das mesmas. Non obstante, cada obra terá que inscribirse de forma independente.

A data límite para o envío de obras a competición será para todas as seccións o 31 de maio de 2022.

Os custos de participación serán os seguintes:

- Inscrición estándar, completada dende o 1 de marzo ao 30 de abril de 2022: 4 EUR
- Inscrición tardía, completada dende o 1 de maio ao 31 de maio de 2022: 5 EUR

* A inscrición para participar nas seccións Galicia e Escolas será gratuita.

O Festival non garante a aceptación e toma en consideración dos traballos enviados con posterioridade ás datas indicadas.

O envío de obras realizarase a través das seguintes plataformas:

- FilmFreeway: <https://filmfreeway.com/INTERSECCION>
- FESTHOME: <https://filmmakers.festhome.com/festival/interseccion-contemporary-audiovisual-art-festival>

Para as seccións Galicia e Escolas, tamén poderá facerse a inscrición a través da web do Festival <https://interseccion.gal>

Non se aceptarán envíos postais en soportes físicos tales como DVD, cinta ou disco duro.

As obras inscritas cuxo idioma non sexa galego ou castelán, deberán ter subtítulos nun destes idiomas ou en inglés.

As consultas sobre o proceso de envío de obras a INTERSECCIÓN poden remitirse a dena@interseccion.art.

4.2. SELECCIÓN

O Festival notificará a selección das obras ás persoas de contacto especificadas nos envíos. A relación de obras seleccionadas será publicada na web e redes do Festival aproximadamente un mes antes do seu comezo. Ata este momento, a selección non poderá facerse pública.

A ausencia dunha notificación de selección por parte da organización do Festival significa que a obra non foi seleccionada. Non obstante, faranse todos os esforzos posibles para que todas as solicitantes sexan notificadas por correo electrónico sobre o estado da valoración da súa obra.

4.3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Serán considerados todos os traballos enviados ao Festival, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases e teñan sido completa e correctamente presentados.

5. OBRAS DE EXHIBICIÓN

5.1. ENVÍO DE OBRAS

O prazo de entrega das obras seleccionadas para a súa participación no Festival terá como data límite o 1 de setembro de 2022.

Calquera obra non recibida no el prazo previsto, poderá ser eliminada da programación final por parte do Festival.

As copias de exhibición deben estar dispoñibles nalgún dos seguintes formatos:

- DCP. Deberá ser de calidade e realizado por un laboratorio profesional. Preferiblemente, o envío debe realizarse en formato dixital. En caso de envío en soporte físico, será a participante quen se faga cargo dos gastos de envío e recollida.
- 16mm ou 35mm.
- Arquivo dixital. Formato .mov o .mp4. Resolución mínima: 1920 x 1080, taxa máxima de transferencia de bits: 50.000 kbps; audio AAC; subtítulos en inglés, galego e/ou castelán en .srt.

En caso de non existir copias dispoñibles en ningún dos formatos de proxección requeridos, debe contactarse coa organización do Festival inmediatamente despois da notificación de selección.

En caso de que a copia DCP esté protexida con contrasinal, é obrigatorio que se proporcione unha clave KDM válida.

A copia de proxección debe estar libre de subtítulos, salvo que esté subtitulada en galego ou castelán. Non se aceptarán copias con subtítulos incrustados nun idioma que non sexa un destes dous.

Para os formatos DCP ou fílmico, proporcionarase copia dixital de respaldo (sexa ProRes ou H.264).

Será o Festival quen decida o formato de proxección.

Para obras de instalación recoméndase o formato en vídeo coas mesmas características anteriormente indicadas, aínda que a artista pode decidir o formato que mellor se axuste para a súa obra.

En caso de que sexa necesario o envío de materiais físicos, este correrá a cargo da artista.

5.2. DEREITOS DE EXHIBICIÓN E COMUNICACIÓN PÚBLICA

As obras seleccionadas nas competicións oficiais serán exhibidas públicamente durante o Festival. As participantes autorizan estas proxeccións dende o momento da súa inscrición no Festival.

As titulares das obras que sexan seleccionadas para participar ceden ao Festival o dereito a proxectalas tanto no propio Festival como nas distintas actividades extraordinarias celebradas fóra das datas do evento, sempre con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais. Estas proxeccións sempre serán notificadas á titular dos dereitos.

A organización do Festival reserva o dereito de mostrar extractos e avances das obras seleccionadas en canles de televisión ou a través do seu sitio web con fins de promoción (non máis do 20% da duración total ou un máximo de 3 minutos da obra).

As autoras das obras presentadas autorizan ao Festival para a utilización dos materiais informativos enviados, con fins promocionais en medios de comunicación e para a súa inclusión en web, catálogo e cualesqueira formatos decididos pola organización.

A organización da por feito que as participantes son titulares dos dereitos das obras que presenten ou que actúan en nome da titular. En calquera caso, a organización non se fai responsable das posibles infraccións derivadas deste aspecto.

5.3. ENVÍOS POSTAIS

As solicitantes deben cubrir os custos de transporte das copias de proxección das obras seleccionadas, en caso del envío físico. A inscrición "SEN VALOR COMERCIAL" deberá figurar claramente nos respectivos paquetes. Non se aceptarán obras enviadas por conta do Festival, que serán devoltas automaticamente ao remitente.

6. EXCEPCIÓNS E DISPUTAS

A organización do Festival (ou os seus representantes legais) resolverán todos os casos non especificados dentro dos termos das presentes bases e pode conceder unha dispensa especial con respecto ás peticións específicas e xustificadas.

A organización reserva o dereito a cancelar calquera inscrición ou emprender as medidas que considere oportunas en caso de violación do regulamento ou en resposta a todo comportamento que perturbe o curso do Festival.

De producirse un litixio, as presentes bases rexiranse polas súas propias cláusulas e, no seu defecto, pola lexislación española afín en cada momento. En caso de disputa respecto do cumprimento ou interpretación destas bases, as partes renuncian ao foro propio que por razón de domicilio puidera corresponderlles e someterán as súas controversias aos tribunais e xulgados da cidade da Coruña.

A organización reserva en calquera momento o dereito de alterar, modificar ou suspender o programa de INTERSECCIÓN 2022.